

DA ARAÑA Ó HIBISCO

O volume *Taronja de cel de novembre* -recentemente publicado pola editora 7 i mig (Benicull de Xúquer, Valencia)- permite ó lector galego entrar en contacto directo coa obra de Lluís Alpera, profesor e poeta valenciano. Así, ben a través do texto orixinal en catalán, ou gracias á magnífica traducción ó galego que nos ofrece Xosé Luís Méndez Ferrín, é posible achegarse ó verso dun autor de xa longa traxectoria que conta no seu corpus con títulos como *Dades de la història civil d'un valencià* (Poesía 1958-1978), *Surant enmig del naufragi final...* ou *Cavalls a l'alba*, compendio da súa obra completa.

Nos poemas escolmados en *Taronja de cel de novembre*, amósase Alpera como un hábil explorador do ámbito do íntimo achegándose ós seus límites pero sen refugar temáticas más próximas ó social ou mesmo unha certa pegada autobiográfica, apreciable en textos como "Lletres obertes a Ausiàs March" onde -recurrindo á imaxe arquetípica de Ulises- relata a súa viaxe ós Estados Unidos, país en que vive durante os anos 1964-1971. Este periplo -comparado ó do argonauta na busca da Atlántida no poema "XXI"- conforma unha apertura cara a Oriente como espacio contrapuntístico do Occidente vinculado á tradición amorosa medieval que emerxerá nos poemas de amor:

*Què em diries tu, sorrut Ausiàs March,
si et conte que em vaig portar a Amèrica,
des de la meua petita Ítaca, sota el braç,
els teus versos*

[*E logo tu que me habías decer, solerte Ausiàs March,/ se eu che contase
como viñen dar a Amèrica/ desde a miña cativa Ítaca, so o brazo/ os versos teus]*]

Por tanto, o ciclo da Odisea será un elemento habitual nos versos deste autor quen amosa unha especial querencia pola idea mítica de Ítaca como patria perdida a recuperar, como lugar evocado desde a perspectiva saudosista de quen carece das forzas necesarias ou dos ventos propicios para o regreso. A ameaza eterna da barca negra de Caronte, sempre ancorada xunto á nave que ten como destino a Ítaca salvadora, submerxe ó eu poético nun estadio de alerta e angustia que vai aumentando co transcorrer dos versos. Así, o cumprimento do presaxio ineludible da morte sobre a figura da nai estructura o sobrecolledor poema "La barcassa de Caront":

*Com un llençol emmidonat de postguerra
recorda la blanca pell hospitalària
arravatada per sempre pel foc de l'avern,
esborrant tots els rius de llàgrimes
que escampen baladres de ràbia continguda.*

*La teua duríssima vida d'heroïna sense flor
es dilueix en el teu no-res, sense calèndula
o begònica que ajude a enaltir el teu perfil.*

[*Coma unha saba almidonada de posguerra/ lembro a branca pel hospitalaria/ arrebatada para sempre polo lume do averno,/ borrando todos os ríos de bágoas/ que espallan toxos de raiba contida./ A túa durísima vida de heroína sen flor/ esfíese no teu nada, sen caléndula/ ou begonia que axude a altear o teu perfil.]*

Sen embargo, a dimensión existencial non couta a presencia case totalitaria dunha temática vinculada ó amor e ó eros onde Alpera vai tomar como motivo dominante a simboloxía cabaleiresca medieval tanto no que atinxe á figura do propio guerreiro como á liberdade sensual e transgresora da vivencia erótica. Deste xeito, os cabaleiros sempre na busca do indefinible, os talismáns e filtros de amor propios dunha cultura aberta ó mundo esotérico, a música das violas e laúdes dos trobeiros, o verso en estado puro convertido nun elemento máis do xogo amoroso... conforman unha rica simboloxía que se vai desenvolvendo nos poemas xunto a referencias máis culturalistas:

*Esdevenim guerrers embolcallats amb càntics
de vidre, consumint el foc de les vinyes
del nostre ahir vençut, que se'ns rebel·la
amb furors d'aurora i migdies de calèndules
oblidades entremig del passat i la joia del jardí.*

*Marbres embruixats de signes suren damunt
la mar lliure i la saviesa dels navegants*

*sense memòria els fa traçar cal·ligrafies
errants sota les llunes luxurioses del crepuscle.*

[Fixémonos guerreiros embrullados en cánticos/ de vidro, consumindo o lume das viñas/ do noso onte vencido, que se nos rebela/ con flores de aurora e melodías de caléndulas/ esquenidas entre o pasado e a ledicia do xardín.// Mármores enmeigados de signos aboian sobre/ o mar aberto e a sabedoría dos navegantes/ sen memoria failles tracexar caligrafías/ errantes so as lúas luxuriosas do crepúsculo.]

O encontro dos amantes vincúlase tamén á presencia directa de cidades como Florencia ou Siena, escenarios sensuais propicios para ir tecendo a arañeira da paixón sen trabas, esa crisálida que os amantes se constrúen para metamorfosearse en novos seres, nunha total e única individualidade que os englobe a ambos:

*Tu i jo ens vam deixar tota la passió dels ulls
a la Galeria dels Ufizzi i a l'Acadèmia,
on el bell penjoll del David ens va commoure,
una vegada més, l'adelerat origen dels pecats.

I així, a la vora del palau dels Medici,
on el Mercat de Sant Llorenç se't fa present,
dins la cambra d'un humil alberg toscà,
començàvem a brodar aquell telarany
amb què els bons amants saben transformar-se
en desaforades i genials crisàlidies.*

[Ti e más eu imos deixar toda a paixón dos ollos/ na Galería dos Ufizzi e na Academia,/ onde o belo pendurante do David nos vai conmover,/ unha vegada máis, a arelante orixe dos pecados./ E así, á beira do pazo dos Medici,/ onde o mercado de San Lourenzo se che fai presente,/ no cuarto dun humilde albergue toscano,/ começaremos a broslar aquela arañeira/ con que os bons amantes saben transformarse/ en desaforadas e xeniais crisálidas.]

Mais, a da araña caracterízase por ser unha tea altamente fráxil e pronto fica destruída no engado mortal do hibisco, flor de reiterativa presencia no conxunto simbólico dos versos de Alpera. Así, o incendio provocado polo roce do hibisco non se asemella ó da paixón senón que devén no da agonía -"Surant enmig del naufragi final, contempla el voluptuós incendi de totes i cadascuna de les flors de núbil *hibiscus*" [Aboiando no meo do naufraxio final, contemplo o voluptuoso incendio de todas e cada unha das flores do núbil *hibiscus*.]. Por tanto, esta flor é o sino que anuncia xa o cumprimento da ameaza de Caronte: a pasaxe para barca con destino final na nada. Deste xeito, a poética de Lluís Alpera escolmada en *Taronja de cel de novembre* devala entre a araña e o hibisco, entre a dimensión amoroso-erótica más sensual e a constante presencia dunha angustia existencial que triunfará á fin:

*Enviliràs sense voler la saviesa del teu món,
les selves oloroses per tanta experriència acumulada,
les flors dels til·lers que plantares a la vora
de tants llavis amb passions arravatades.
Ja no podràs quedar-te a l'expectativa
de cap somni més clar i redó.
I aleshores, sense cap equipatge,
hauràs de llançar, ben lluny i sol,
les últimes xàrxies a la mar.*

[*Envellecerás sen o querer a sabedoría do teu mundo,/ as selvas olorosas por tanta experiencia acumulada,/ as flores dos tilleiros que plantaras á beira/ de tantos labios con paixóns arrebatadas./ Non poderás ficar á expectativa/ de soño ningún más claro e redondo./ E daquela, sen equipaxe ningunha,/ haberás de lanzar, ben lonxe e só,/ as últimas enxarcias ó mar.]*

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 896, 19-8-1999, pp. 17-18.